

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria do 10 de xullo de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza
D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1094).- PRODUCTIVIDADE POR REFORZOS DA POLICÍA LOCAL, MESES DE ABRIL, MAIO E PRIMEIRA QUINCENA DE XUÑO. EXPTE. 33724/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 27.06.08 emitido pola técnica de Recursos Humanos, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 08.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade os servizos prestados polo persoal do servizo da Policía Local, en cumprimento da Resolución de Alcaldía de data 20 de xuño de 2008, aos funcionarios que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Ivan Abalde Casanova e remata por D Juan Guillermo Vivero Mijares, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó período comprendido entre o 1 de abril e o 15 de xuño de 2008 , e que ascenden a un total de 143.897,20 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

2(1095).- XORNADAS DE REFORZO POLICÍA LOCAL DO PERIODO DO 15 Ó 30 DE XUÑO. EXPTE. 33709/212

O presente expediente retirouse da orde do día.

3(1096).- PRODUCTIVIDADE EVAP-POLICÍA LOCAL SEGUNDO TRIMESTRE 2008. EXPTE. 33731-212

O presente expediente retirouse da orde do día.

4(1097).- CORRECCIÓN DE DATAS DE CONTRATACIÓN DO PERSOAL DE CEDRO. EXPTE. 18349-220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal de data 9 de xullo de 2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión do día 7 de xullo de 2008, relativo á contratación laboral temporal, por acumulación de tarefas, dun/dunha médico/a, e dun/dunha auxiliar de clínica para cubrir o período vacacional dos titulares do referidos postos de traballo na Unidade Asistencial de Drogodependencias (CEDRO). Expte. 18318/220.

Ditas contratacións serían nos seguintes períodos:

- Médico: do 21/07/08 ó 01/08/08 e do 17/08/08 ó 29/08/08 (25 días).
- Auxiliar de Enfermería ou Clínica de unidades especiais e de Saúde Mental: do 21/07/08 ó 31/07/08, do 01/08/08 ó 19/08/08 e do 01/11/08 ó 17/11/08 (47 días).

5(1098).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS (HORAS ESTRUCTURAIS) DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO, MES DE XUÑO DO 2008. EXPTE. 18243/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 03.07.08 da técnica de RRHH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e máis polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 7 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de XUÑO 2008, por un total de 32.063,85 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e once minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.